

INDICACIÓNS QUE DEBE SEGUIR O ALUMNADO NA CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO 2019-2020

1. O uso de máscara é obrigatorio. Todo o alumnado debe traer máscara para entrar no centro e non poderá sacala en ningún momento.
2. Accederase ao interior do recinto escolar uns minutos antes da hora prevista dos exames, e abandonarase tan pronto se remate a proba. O alumnado evitará estar agardando no interior do edificio cando teña máis dun exame.
3. O acceso ao recinto escolar realizarase pola entrada dianteira do mesmo. A entrada ao centro realizarase pola porta dianteira do mesmo. O acceso ás probas realizadas no salón de usos múltiples realizarase pola porta de emerxencia, sita no exterior do edificio. Non se utilizará en ningún caso o corredor da biblioteca e sala de profesorado. O acceso ás probas realizadas noutras aulas farase polas dúas escaleiras do centro, sempre polo lado dereito das mesmas.
4. A entrada e saída das aulas de exame será gradual mantendo a distancia interpersoal de seguridade (1,50 m) recomendada polas autoridades sanitarias.
5. A limpeza de mans realizarase antes de entrar na aula (xel hidroalcohólico) e tamén na saída da aula.
6. Non se poderá abandonar a aula de exame ata pasados 15 minutos do comezo do exame, ou ata que o profesor ou profesora o estableza.
7. A saída do salón de usos múltiples realizarase pola porta de emerxencia cara ao exterior. A saída do resto das aulas, polas escaleiras e porta dianteira. A saída do recinto, realizarase pola porta dianteira, gardando sempre a distancia de seguridade.
8. O desprazamento polo interior do edificio, corredores e escaleiras, realizarase sempre polo lado dereito, pegado á parede. Non se poderá acceder a outras aulas ou dependencias agás na que se realice o exame.
9. O alumnado permanecerá o menor tempo posible tanto no interior do centro coma no recinto escolar.
10. Procurarase non utilizar os aseos. De ter que facelo, utilizaranse os aseos da planta baixa, no corredor da cafetería. Só poderán estar dúas persoas ao mesmo tempo dentro do aseo. Debe manterse a separación dentro dos mesmos. Deberán lavarse as mans antes de saír.